

O primeiro evanxélico da familia foi o noso pai, Vicente, que era da San Xoán de Muro, na Póboa de San Xiao. Era un mozo inquedo, e algo violento, en tempos de brigas nas festas. Durmía con navalla e revólver.

Pero xa tiña a necesidade de atopar algo na vida e pediulle ao abade as Escrituras, que llas negou.

Daquela foi traballar a Ferrol, que era lugar moi distante do seu, e onde había xentes con relixión aberta aos demais. Convidárono a escoitar a predicación do pastor Davis na igrexa do cantón, e chamoulle a atención que falase de María, a mai de Cristo, cando se dicía que os protestantes a deostaban.

Así foi intimando cos evanxélicos ferroláns e acabou entregándose a El-Señor, tras do que sentía unha grande necesidade de converter os seus, os que máis quería.

Volveu á aldea e comunicou á familia a grande nova da súa vida, dicíndolles “O que é nado de novo precisa de contar o seu gozo”

A mai díxolle que estaba condenado por herexe, pero observou como mudara o seu fillo, como pasara a ser doce e tolerante cando antes era agresivo. Durmía sen armas e ela chegou a comprender que nese feito había obra de Deus, non do demo.

Ela foi a primeira da familia en converterse ao Evanxeo, e seguírona dúas fillas e un fillo.

O noso pai comezou a obra de El-Señor en 1917. A primeira conversa foi a filla do dono do local primitivo, e foi nacendo un grupo de crentes, e aumentando a punto de ter que construír edificio propio; con dificultades por parte do concello, que chegou a paralizar a obra.

Pero, felizmente, a causa evanxélica contaba con amigos e púidose rematar obra e seguir adiante.

Así chegou a República, e con ela chegaban liberdades descoñecidas. Meu pai predicaba aos presos da cadea, e na praza de San Domingos.

Os cregos mandaban molestarnos, interromper a predicación. Facían vir nenos a cantaren o “Viva María, viva el rosario...” ao que nós respondíamos con “Lávame, Señor; lávame en tu sangre, y más limpio que nieve seré”.

Como non lles chegaba coas molestias, pasaban á ameaza directa. “Vive Dios que te hemos de echar de Lugo” dicían a meu pai; e aínda se permitían enviar mandar máis nenos a apedrarnos pola rúa, e a apedraren o edificio evanxélico.

Nesa lei das pedradas atopamos un aliado curioso, un farmacéutico que lles pagaba aos rapaciños limpabotas para que apedrasen os que nos apedraban.

A ese señor matárono tan logo veu o alzamento dos militares; e meu pai salvouse da morte por capricho. Sabíamos que os falanxistas torturaran e mataran crentes por partidarios da República e algúns por teren ideas de progreso e educación. E, orando, esperabamos o que puidese acontecer ao protestante máis significado da cidade.

Ata que se lle presentou o temible Viador. Mais viña en son de paz e díxolle ao noso pai: “Mire, señor Vicente: solicitáronme moitas veces que o pasease a vostede; pero antes os paseo a eles, porque os fascistas de verdade coma min non queremos saber nada cos cregos”.

O mais duro foi saber que un solicitante insistente era o secretario do bispo.

Eran tempos de matar en nome de Cristo; e de moita miseria logo de acabar a guerra.

A miña irmá casara e emigrara á Arxentina durante a guerra e, cando todo estaba peor, insistiu en traer o noso pai para que

descansase logo dunha vida incansable, chea de gozos e desventuras que El-Señor lle mandara.

E aquí chegou, e non cabía no seu gozo de ver que podía andar pola rúa a explicar o Evanxeo. Ancián xa, redobrou os seus esforzos de misioneiro.

Unha vez fixo algo memorable. Achegouse a un xardineiro que gadañaba o céspede dunha mansión e faloulle de Cristo cuns panfletos na man. O xardineiro escoitouno pero díxolle que non podía atendelo porque estaba a traballar.

Daquela meu pai díxolle que lle trocaba a gadaña polos panfletos, el cortaría a herba mentres o encargado de facelo lía; e así fixeron, con abraio do xardineiro ao ver o xeito de quen tanto prado segara na súa aldea.

O vello morreu a cumprir a súa función misioneira. Atropelouno un coche mentres repartía follas coa palabra de Deus...

Canto á miña historia persoal, xa de rapaz as vin que as cousas andaban mal para nós. Co alzamento militar pecharon as igrexas evanxélicas, e había grandes castigos aos crentes cando os pillaban en cultos. O curioso é que de algún local se esqueceron, como pasou en San Miguel de Reinante. Alí non pecharon o local de culto e unha vez, cando estabamos reunidos os crentes daquela aldea e algúns que viñeramos de Lugo, entraron cinco policías berrando “¿Quién es el que dirige aquí?”.

Entón erguéronse todos os varóns presentes e dixeron ao unísono “Todos nós” pero eu discorrín que era mellor que prendesen a un home só e non a todos aqueles pais de familia e dixen “El responsable es mi padre, que es el pastor que predica aquí”.

Os policías non me fixeron moito caso. Pedíronme o salvoconducto, que daquela estaba prohibido desprazarse; e, como non o tiña, tomaron nota dos meus datos para unha multa.

Clausuraron o local de San Miguel, e a min caeume a multa...

Eu entrei a traballar en Industrias Abella. Alí estabamos tres protestantes e certo día apareceron nos locais da empresa tres confesonarios.

Daquela o xerente chamoume e díxome “Moi mal os queren a vostedes. A ver como facemos agora”

“Pois aguantar coma sempre”, respondinlle; e aínda me atrevín a recordarlle que el claudicara, porque era de esquerdas, ateo, e metéranos na cadea ata que mandou bautizar os fillos. “Vostede sucumbiu”, díxenlle, “pero nós persistimos porque temos connosco a forza da fe”.

Con todo, a vida facíase moi dura para nós. A min non me faltaba nin casa nin traballo pero temía pola miña familia e por iso embarquei para a Arxentina, onde xa estaba a miña irmá, que casara co predicador Vangioni.

En Buenos Aires atopei traballo o primeiro día, de matriceseiro; e xa nos fomos valendo, criando fillos e facendo igrexa, sempre ben acollidos. E nunca esquecemos o noso país; pero obrigáronos a cortar lazos con el. Mesmo quixemos que os fillos fosen facer o servizo militar a España; pero no consulado botáronos para atrás, a todos co mesmo argumento: “¿Español e non católico? Imposible”. Non os querían alá e fixéronse cidadáns arxentinos. Así foi.